



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA**

### **Artigo 1.- NATURALEZA E FUNDAMENTO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15, 19, 20, 23, 24, 25, 26, 27 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola ocupación da vía pública.

### **Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE (art. 20 da Lei 39/88 na nova redacción feita pola LMLGT 25/1995)**

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal

### **Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS (art. 23 da Lei 39/88)**

Serán suxeitos pasivos desta taxa os solicitantes (persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria) da concesión da autorización ou os titulares da autorización concedida que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

### **Artigo 4.- RESPONSABLES (art. 23 da Lei 39/88)**

- a) Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- b) Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### **Artigo 5.- COTA TRIBUTARIA (art. 24 da Lei LRFL 39/1988)**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

### **Artigo 6.- EXENCIÓNS**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.



### **Artigo 7.- DEVENGO (art. 26 da Lei LRFL)**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, no momento de solicita-la correspondente autorización.

### **Artigo 8.- LIQUIDACIÓN**

Cando se trate de concesións de novos aproveitamentos, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente, no senso do artigo 47.1 da LHL.

## **XESTIÓN**

### **Artigo 9.- CONCERTOS**

Naqueles casos nos que se considere poderán establecerse concertos sempre e cando non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios da boa Administración, dacordo co artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 abril polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local .

## **SOLICITUDES:**

### **Artigo 10.- Altas**

- a) As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre dominio público municipal das distintas taxas deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, é dicir, no momento da solicitude de ocupación; a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.
- b) No caso de denegarse ás autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.
- c) Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres o interesado non presente a declaración de baixa. Quedando incluído automaticamente no Padrón do período natural seguinte, cando sexa este o sistema de recadación.
- d) Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se houbera aboado e obtido polo interesados a licenza correspondente.

### **Artigo 11.- BAIXAS**

- a) Cando remate o aproveitamento os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte o da presentación da mesma.



- b) A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.
- c) As declaracións de baixa anotaranse no censo ou padrón da taxa co Visto Bo do Departamento de Xestión e terán carácter provisional ata a súa verificación.
- d) Os suxeitos pasivos, no caso de causar baixa antes de remata-lo prazo da concesión/autorización, poderán solicita-la devolución do importe dos períodos pendentes de utilización.

#### **Artigo 12.- MODIFICACIONES E CAMBIOS DE TITULARIDADE**

Os cambios de titularidade e as modificacións de datos, sempre que non impliquen variación na cota tributaria, deberán acreditarse mediante solicitude presentada no modelo preparado o efecto, acompañada da documentación que fundamente o cambio, bastando para a súa tramitación o Visto Bo do Departamento de Xestión e o abono das taxas pola súa tramitación de acordo co establecido na Ordenanza de Expedición de Documentos. Estas modificacións terán carácter provisional ata a súa verificación.

#### **Artigo 13.- AUTORIZACIONES**

- a) As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros.
- b) incumprimento das normas recollidas na presente Ordenanza asemade nos Regulamentos que a desenrolan, serán causa suficiente para a cancelación e revogación da licenza de ocupación. O procedemento para a revogación detallase no apartado de Inspección.

#### **Artigo 14.- DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS**

Para a devolución de ingresos por erro manifesto, o por corresponder a devolución do prorrato nos casos de baixa, deberá solicitarse polo interesado acompañando a súa solicitude o recibo/liquidación orixinal e facendo constar un nº de conta bancaria para poder face-lo ingreso do importe da devolución. Requisito imprescindible e que o titular do recibo/liquidación debe coincidir nome do titular da conta.

#### **Artigo 15.- APROBACION DE PADRONS**

- a) Os padrón elaboraranse polo Departamento de Xestión correspondendo á Intervención de Fondos a súa fiscalización e toma de razón.
- b) A aprobación dos Padróns é competencia da Alcaldía.
- c) Cando os períodos de cobro das diversas taxas de vencemento periódico sexan coincidentes, poderase esixir o pago das cotas respectivas mediante un único recibo no que constará debidamente separados os conceptos de ingreso.



### **Artigo 16.- EXPOSICION PÚBLICA**

- a) Aprobado o Padrón, anunciarase a súa exposición pública e período de cobro no Boletín Oficial da Provincia e no periódico de maior difusión da provincia e anunciarase no taboleiro de edictos do Concello.
- b) Os Padróns fiscais que conteñen as cotas a pagar e os elementos tributarios determinantes das mesmas, expóranse ó público nas Oficinas Municipais quince días antes de iniciarse os preceptivos períodos de cobro e por espacio dun mes.
- c) Contra a exposición pública dos Padróns, e das liquidacións nos mesmos incorporadas, poderase interpoñer Recurso de Reposición, previo ó Contencioso-Administrativo, no prazo dun mes a contar dende a data de finalización do período de exposición pública do Padrón.

### **Artigo 17.- RECADACION**

A recadación desta taxa realizarase de acordo con presente artigo, de acordo co seguinte:

- a) Dos ingresos directos-liquidacións. Na oficina de Recadación no momento de presentar a solicitude, tendo a consideración de depósito previo.
- b) De vencemento periódico. Cando a taxa se exaccione por padrón esixirase no período que acorde o Alcalde ou a Comisión de Goberno.

### **Artigo 18.- FRACCIONAMIENTOS**

- a) A cota anual poderase fraccionar en catro pagos trimestrais, e será xirada o inicio de cada trimestre natural. Sendo requisito indispensable para obte-lo fraccionamento, a domiciliación do pago nunha entidade financeira.
- b) A bonificación recollida no artigo 7 desta Ordenanza para os recibos domiciliados, aplicarase soamente os contribuíntes que non fraccionen o pago.

### **Artigo 19.- INSPECCION (art. 49 Regulamento Xeral da Inspección de Tributos)**

A inspección iniciarase:

- a) Se o expediente iniciase por falta de pago: ca certificación da Tesourería no que se faga constar as débedas existentes.
- b) Se o expediente orixinase por incumprimento, por parte do contribuínte, das obrigas reflexadas nesta Ordenanza ou nos seus Regulamentos de desenvolvemento: Coa expedición da correspondente Acta que consignará:
  - Lugar e data da súa formalización
  - A identificación persoal dos actuarios que a suscriben.
  - O nome e apelidos, número do DNI e a firma da persoa coa que se entenden as actuacións e o carácter ou representación con que intervéñen nas mesmas; asemade como, en calquera caso, o nome e apelidos ou a razón ou



denominación social completa, o nº do NIF e o domicilio tributario do interesado.

- A data de inicio das actuacións e o criterio seguido no cómputo do prazo de duración
- das mesmas cando excedan de doce meses.
- Os elementos esenciais do feito imponible e da súa atribución o suxeito pasivo, retenedor ou obrigado a efectuar ingresos en conta, con expresión dos feitos e circunstancias con transcendencia tributaria que resultasen das actuacións inspectoras ou referencia ás dilixencias onde se fagan constar.
- Asemade, farase constar se o interesado presentou ou non, ó amparo do art. 21 da
- Lei 1/1998, do 26 de febreiro (RCL 1998/545), de Dereitos e Garantías dos contribuíntes; alegacións e, no caso de que se efectuasen, deberá realizarse unha valoración das mesmas.
- No seu caso, a regularización tributaria do interesado que os actuarios estimen
- procedente, con expresión da débeda tributaria debida polo suxeito pasivo, retenedor ou obrigado a efectua-los ingresos a conta ou responsable solidario, en concepto de cota, recargos ou xuros de demora.
- A conformidade ou disconformidade do suxeito pasivo, retenedor ou obrigado a
- efectua-los ingresos a conta ou responsable tributario.
- A expresión dos trámites inmediatos do procedemento incoado como consecuencia
- da acta e, cando a acta sexa de conformidade, dos recursos que procedan contra o acto de liquidación derivado daquela, órgano ante o que deberan de presentarse e prazo para interpoñer-los.
- No seu caso, farase constar a ausencia de motivos para proceder á apertura do
- procedemento sancionador, no suposto de que, a xuízo do actuario, non estea xustificada a súa iniciación.

Ademais do documento anterior, o expediente deberá conter:

- a) Notificación ó interesado coa descrición dos feitos e artigos da Ordenanza e Regulamentos infrinxidos, dándolle un prazo de quince días para que compareza e alegue o que considere ou legalice a súa situación.
- b) Informe de Xestión cos feitos e normativa infrinxida.
- c) Resolución da Alcaldía declarando a caducidade da concesión e ordenando a liberalización da ocupación.
- d) Notificación ó interesado da Resolución.
- e) En caso de persistir a irregularidade que orixinou o expediente, darase orden ós servicios municipais correspondentes para que procedan a executar o ordenado na Resolución da Alcaldía.



## **Artigo 20.- INFRACCIONS E SANCIONS**

En relación a cualificación das infraccións tributarias e a determinación das sancións que lles corresponden en cada caso, aplicarase o réxime regulado no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e no Real Decreto 1930/1998, de 11 de setembro, polo cal se desenrola o Réxime Sancionador Tributario.

### **DISPOSICIONES TRANSITORIAS:**

1- A entrada en vigor desta Ordenanza, respetaranse as concesións actuais de quioscos ata a súa cancelación declarándose a extinguir, debendo tributar neste caso conforme as tarifas da Ordenanza de Ocupación de Vía Pública.

2- As autorizacións para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras serán anuais, inclusive as altas novas, en todo-los casos a liquidación practicarase por oito meses.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL:**

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado u outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

### **DISPOSICION FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes.

---

### **MODIFICACIONES:**

1.- BOP nº 250 do venres 30 de decembro de 2011.

---



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA**

**ANEXO I**

**NORMAS DE APLICACIÓN PARA A XESTIÓN DA TAXA DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON VALOS(VALLAS), ANDAMIOS, E OUTROS**

- 1.- A ocupación da vía pública con valos, andamios e outros irá aparellada coa solicitude de licenzia de obra, e dicir liquidarase no momento de solicita-la mesma.
- 2.- A liquidación deste tipo de ocupación farase de acordo coa seguinte escala:
  - a) Obras de nova construción: o tempo establecido para as mesmas será de 1 mes por planta a construír.
  - b) O resto das obras: o tempo de ocupación establecerase de acordo co período que sinale o petionario no momento da solicitude, liquidándose neste caso por días.
- 3.- Admitirase prórroga neste tipo de ocupación en obras de nova construción soamente en casos excepcionais.
- 4.- Calquera tipo de ocupación recollida no artigo 20.3 g, deberá quedar dentro do valo de protección.
- 5.- Transcorrido o período de ocupación o contratista deberá deixar expedita a vía pública, colocando no seu caso a debida protección aérea.
- 6.- A tramitación das licenzias pola ocupación de Vía Pública con valos, andamios e outros tributará segundo a tarifa que se estableza no anexo de tarifas.



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA**

**ANEXO II**

**NORMAS DE APLICACIÓN PARA A XESTIÓN DA TASA DE OCUPACIÓN DE VIA PÚBLICA NO CASO DAS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO**

**1.- Características.**

- Uso privativo desta figura ten carácter rogado, debendo solicitarse polos interesados.
- A base de gravame virá determinada pola superficie a ocupar que se calculará, multiplicando os metros lineais por un metro de ancho, redondeándose por exceso; sendo a ocupación mínima a de tres metros cadrados.
- O interesado, ten a obriga de manter en perfecto estado de uso a superficie ocupada.
- A tarifa da taxa é a que se establece no anexo de tarifas.
- Queda terminantemente prohibido para o titular do vado aparcar calquera tipo de vehículo diante do acceso ó garaxe, finca ou local.

**2.- Solicitudes**

- a) A solicitude polos interesados e o abono da taxa iniciará o expediente da concesión do aproveitamento que requerirá informe previo da Policía Local no que farase constar que o vado solicitado cumpre coa normativa vixente e que non hai impedimento algún na súa concesión.
- b) O titular da concesión da reserva de espacio terá que coincidir co titular (ós efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis) do ben para o que se solicita o vado permanente, excepto en casos de traspaso ou aluguer.

**3.- Notificacións**

A notificación ó interesado da Resolución da Alcaldía pola que se procede a concesión da licenzia para o vado permanente deberá indicar o nome do titular do vado, o lugar para o que se concede a licenzia, e o nº de expediente/licenzia da mesma.

**4.- Sinalización**

O outorgamento da licenzia do vado esixirá a instalación, no exterior do inmovible, da seguinte sinalización, que será asumida polo titular da licenzia:





- a) Instalación na porta, fachada ou construción de que se trate, dun disco de prohibición de estacionamento no que deberá figurar de modo claro e indeleble o número do expediente ou de licencia correspondente e que será facilitado polo Concello na notificación da Resolución da concesión da licencia.
- b) A placa de sinalización terá medidas estándar e poderá mercarse en calquera tenda do ramo.

### **5.- Mantemento**

O período de aproveitamento o interesado enténdese renovado mentres o interesado non manifeste a súa intención de solicita-la baixa do mesmo.

Será por conta do titular da licencia o mantemento da instalación e o bo estado das beirarrúas, incluso o arreglo dos posibles desperfectos nas mesmas, e dicir, en caso de non interesar a continuidade da ocupación, o suxeito pasivo terá a obriga de deixa-la superficie ocupada en perfecto estado de uso e a retirada inmediata da placa de sinalización.



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA**

**ANEXO III**

**NORMAS DE APLICACIÓN PARA A XESTIÓN DA TAXA DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON QUIOSCOS**

**1.-** O número máximo de quioscos no Termo Municipal será de 14.

**2.-** A ubicación dos quioscos soamente se poderá levar a cabo nos lugares establecidos para os mesmos.

1/ Determínanse sete ubicacions fixas, sendo as seguintes :

- 1 quiosco en Jaime Janer-Calvo Sostelo
- 1 quiosco en Avenida Cañota
- 1 quiosco en parque Padre Eguren
- 2 quioscos na Alameda
- 1 quiosco Baixada Cuesta-Barda sufociales-Jaime Janer
- 1 quiosco Calvo Sotelo-A Estrada.

2/ As restantes sete ubicacións concederanse, tendo en conta as solicitudes, en base a súa idoneidade, demanda social e viabilidade en relación o entorno.

**3.-** A instalación de quioscos na vía pública sempre terá carácter non permanente e deberá cumprir cos seguintes requisitos:

3.1- Non poderán fixarse a mobiliario urbano, árbores, báculos, farolas ou sinais.

3.2- Deberán ser de ferro fundido ou similar, madeira, resinas ou plásticos, se ben deberán armonizar co entorno no que se empracen para o que na documentación que se presente, co obxecto de obter a autorización deberá figura-lo modelo a empregar.

3.3- Non se permite a utilización de publicidade nos seus elementos estruturais.

3.4- Prohíbese colocar elemento algún que entorpeza a entrada ou a saída á vivendas, portais u outros locais comerciais.

A Alcaldía, previos os informes técnicos precisos, poderá seleccionar ou homologa-los modelos de quioscos a empregar segundo a vía pública de que se trate.

**4.- OBRIGAS DA EMPRESA**

Para o exercicio da venda a empresa ou titular deberan de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Alta no Imposto de Actividades Económicas, dado de alta no epígrafe correspondente.



- b) Alta na Seguridade Social.- estar o corrente no pago das cotizacións a seguridade Social como autónomo.
- c) Licencia Municipal.- estar en posesión da licencia correspondente previo cumprimento dos requisitos establecidos.
- d) Correrá a cargo do titular da concesión todo-los gastos derivados da colocación do quiosco, así como aqueles que se produzan como consecuencia do desenrolo cotiá da actividade ( luz, auga, etc).
- e) Adoptar cantas medidas de seguridade, hixiene e tranquilidade se prevean con carácter xeral na Ordenanza, ou a título particular, nas licencias citadas, para a apertura e funcionamento das instalacións en perfecto estado de uso, limpeza e funcionamento.
- f) Deberán estar legalizados todo-los suministros que se deriven da instalación do quiosco.
- g) O titular da concesión deberá de estar o corrente no pago das súas obrigas fiscais co Concello.

**5.-** Soamente poderán ser beneficiarias da licencia municipal para ocupación de vía pública con quiosco aquelas persoas que presenten un grao mínimo de minusvalía 50% , acreditado este, co correspondente ditame técnico facultativo do órgano competente.

En casos excepcionais poderase conceder ocupación a persoas que se atopen nunha situación económica precaria, neste último caso a concesión estaría supeditada no tempo; por parte dos Servicios Sociais do Concello se informará sobre a persistencia da situación que xerou a concesión, sendo pois esta situación temporal ( non se perpetua no tempo), tendo sempre prioridade as persoas contempladas no apartado primeiro.

**6.** A licencia municipal terá un período de vixencia: no caso de minusválido , ata que manteña esta condición, no caso de persoas nunha situación precaria estarase o disposto no artigo 5.2.

**7.-** A autorización municipal deberá conter os seguintes datos:

- Nome do titular da concesión.
- Período de vixencia da licencia.
- Lugar destinado para a colocación do quiosco.
- Indicación expresa da súa intransferibilidade e posible revogación.

**8.-** O procedemento para a cancelación da concesión será o establecido no artigo nº 20 da Ordenanza Reguladora da taxa pola ocupación da vía pública.



# Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA

### ANEXO IV

#### TARIFAS PARA A XESTION DAS TAXAS DE OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA

ARTICULO 20.3 RD-Legislativo 2/04, texto refundido LEI REGULADORA FACENDAS LOCAIS

MESAS, SILLAS, ETC.		ART. 20.3.I RD-LEXISLATIVO 2/2004			
CATEGORIA DE LA CALLE		TARIFA POR M2/DIA		COEFICIENTE DE PONDERACION	TARIFA A APLICAR POR M2/DIA
10	ALAMEDA, PARQUE PADRE EGUREN	0,0781		1,00	0,0781
20	PLAZAS, CALLES PEATONALES	0,0721		1,00	0,0721
30	RESTO DEL CASCO URBANO ( MARIN-SEIXO)	0,0661		1,00	0,0661
40	RURAL	0,0072		1,00	0,0072

PUESTOS, BARRACAS, ETC		ART. 20.3.n RD-LEXISLATIVO 2/2004			
CATEGORIA DE LA CALLE		TARIFA POR M2/DIA	COSTES DEL SERVICIO	COEFICIENTE DE PONDERACION	TARIFA A APLICAR POR M2/DIA
30	RESTO DEL CASCO URBANO ( MARIN-SEIXO)	0,0661	0,6903	1,00	0,7564
40	RURAL	0,0072	0,6903	1,00	0,6975

VADOS, CARGA-DESCARGA, ETC		ART. 20.3.h RD-LEXISLATIVO 2/2004			
CATEGORIA DA RUA		TARIFA POR M2/DIA		COEFICIENTE DE PONDERACION	TARIFA A APLICAR POR M2/DIA
30	RESTO DEL CASCO URBANO ( MARIN-SEIXO)	0,0661		0,25	0,0165
40	RURAL	0,0072		1,00	0,0072



# Concello de Marín

## Ayuntamiento de Marín

VALLAS, ANDAMIOS, ETC.		ARTI. 20.3.g RD-LEXISLATIVO 2/2004			
CATEGORIA DA RUA		TARIFA POR M2/DIA		COEFICIENTE DE PONDERACION	TARIFA A APLICAR POR M2/DIA
30	RESTO DEL CASCO URBANO ( MARIN- SEIXO)	0,0661		1,00	0,0661
40	RURAL	0,0072		1,00	0,0072

SUBSUELO		ARTI. 20.3.e) RD-LEXISLATIVO 2/2004			
REDES DE SUMINISTRO ELECTRICO, TELEFONICO, TELEMATICO, ETC. TANTO AEREAS COMO SUBTERRANEAS				COEFICIENTE DE PONDERACION	TARIFA A APLICAR POR M2/DIA
EN XERAL LIQUIDARANSE Ó 1,50 % DOS INGRESOS BRUTOS DA EMPRESA QUE PRESTE O SERVICIO					
ARTI. 24. c) RD-LEXISLATIVO 2/2004					

OTRAS OCUPACIONES		DO ARTICULO 20.3 RD-LEXISLATIVO 2/2004			
OCUPACIONES NON CONTEMPLADAS EN APARTADOS ANTERIORES					
CATEGORIA DA RUA		TARIFA POR M2/DIA		COEFICIENTE DE PONDERACION	TARIFA A APLICAR POR M2/DIA
30	RESTO DEL CASCO URBANO ( MARIN- SEIXO)	0,0661		1,00	0,0661
40	RURAL	0,0072		1,00	0,0072



## Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

QUIOSCOS		ARTI. 20.3.m RD-LEXISLATIVO 2/2004			
CATEGORIA DA RUA		TARIFA POR M2/DIA		COEFICIENTE DE PONDERACION	TARIFA A APLICAR POR M2/DIA
30	RESTO DEL CASCO URBANO ( MARIN- SEIXO)	0,0661		1,00	0,0661
40	RURAL	0,0072		1,00	0,0072

### NORMAS DE APLICACION:

En calquera caso o importe mínimo a liquidar por ocupación de vía pública, co obxecto de cubrir os gastos de xestión administrativa será de 6,19 € ”